


COUSAS PARA FACER SEN PANTALLAS

- LER MOITOS CONTOS. PRIMEIRO CÓNTALO TI E DESPOIS CÓNTOO EU
- MIRAR NO CALENDARIO A DATA
- CONVERSAR SOBRE UNHA E MIL COUSAS.
- BUSCA DO TESOURO. ESCONDER ALGO POLA CASA, DEBUXAR NUN FOLIO UN PLANO DA CASA E MEDIANTE PISTAS OU ACERTIXOS, DESCUBRIR ONDE ESTÁ O TESOURO.
- ÁRBORE XENEALÓXICA DA FAMILIA. DEBUXAR A ÁRBORE DA FAMILIA COA AXUDA DOS MAIORES.
- QUE CAMBIOU? OBSERVAMOS CON ATENCIÓN UNHA HABITACIÓN DA CASA. O NENO SAE DA MESMA, CAMBIAMOS ALGO DE SITIO E TEÑEN QUE ADIVIÑAR QUE FOI O QUE CAMBIOU.
- FACER DEBUXOS OCULTOS CON PAPEL E LIMÓN. TAMÉN SE PODE EMPREGAR ESTA TÉCNICA PARA A BUSCA DO TESOURO.
- ORIGAMI.
- DESEÑO E CONCURSO DE AVIÓNS DE PAPEL.
- TÍTERES CON CALCETÍNS. COLLER CALCETÍNS VELLAS, POÑELOS NA MAN E IMAXINAR QUE PERSONAXE NOS GUSTARÍA QUE FOSE. DECORAR OS CALCETÍNS E INVENTAR HISTORIAS CON ELES.
- COLLAGES. CON FOLIOS, TESOIRAS, PEGAMENTO, REVISTAS VELLAS, PAPEL DE REGALO... ROMPER PAPEIS TAMÉN VALE PARA CREAR UNHA COMPOSICIÓN.
- BOLOS CASEIROS. CON BOTELLAS DE PLÁSTICO BALEIRAS E UNHA PELOTA. PODEDES DECORAR OS BOLOS.
- SOBREMESAS. FACER SOBREMESAS COS NENOS. PREPARAR A COMIDA/MERENDA/CEA XUNTOS.
- XOGAR A XOGOS DE MESA.
- CANTAR, POÑER MÚSICA E BAILAR
- INVENTAR E FABRICAR ALGÚN INSTRUMENTO
- PLASTILINA
- FACER BOLIÑAS PEQUENAS DE CORES USANDO OS DEDOS. ÚSAAS PARA SOPRARLLES E FACER CARREIRAS.
- CONSTRUCCIÓN. CON XOGOS DE CONSTRUCCIÓN OU CON MATERIAIS OU OBXECTOS QUE TEÑADES POLA CASA.
- FACER TORRES, SERIES DE CORES...
- CAIXA DE ZAPATOS. EN QUE A PODEMOS CONVERTER? NUN XOGO, UN XOGUETE, UN PERSONAXE, CAIXA DE TESOUROS...
- XOGO SIMBÓLICO. CON PAOS, PEDRAS, PIÑAS...
- LER POESÍAS. E INVENTALAS TAMÉN VALE
- DICIR E INVENTAR TRABALINGUAS
- PULSEIRA/ COLAR. CON MATERIAL DE REFUGALLO.
- POÑER UNHA LAVADORA. ENSINARLLE COMO SE FAI E QUE PARTICIPE. TENDER A ROUPA
- MEMORIS E PUZZLES.
- FACER EXPERIMENTOS CASEIROS.

- 
- **PODE LAVAR CON AUGA E XABÓN OS SEUS XOGUETES E SECALOS. QUE ORDENE A SÚA HABITACIÓN,**
 - **IOGA OU RELAXACIÓN CON MÚSICA.**
 - **INVESTIGAR SOBRE UN TEMA QUE NOS INTERESE.**
 - **LIMPEZA. ASIGNARLLE TAREFAS NA LIMPEZA DA CASA.**
 - **TEATRO DE SOMBRAS**
 - **GRABAR UN VÍDEO TEATRAL**
 - **VOLEIBOL CUN GLOBO NO SALÓN.**
 - **PINTAR AS UÑAS**
 - **REDECORAR A HABITACIÓN. CAMBIAR ALGO DE SITIO E DARLLE UN NOVO AIRE.**
 - **INVENTAR UNHA COREOGRAFÍA. ESCOLLER UNHA CANCIÓN E INVENTAR UNHA COREOGRAFÍA.**
 - **DEBUXAR. DEBUXAR MOITO E DE TODO DE FORMA AUTÓNOMA**
 - **FACER RECORTABLES. DEBUXAR UN PERSONAXE, RECORTALO E FACERLLE ROUPA, COMPLEMENTOS...**
 - **SESIÓN DE PELUQUERÍA. FACER PEITEADOS TOLOS.**
 - **PICTIONARY. PAPEL E LAPIS. INTENTA QUE OS DEMAIS DESCUBRAN QUE DEBUXAS PERO SEN FALAR.**
 - **MONTAR UNHA CABANA. CON TEAS, MANTAS, CADEIRAS... ONDE PODER CONTAR HISTORIAS E COMER A MERENDA.**
 - **CIRCUÍTOS CON DIFERENTES OBXECTOS DA CASA. PODEN SER CIRCUÍTOS PARA OS COCHES OU APROVEITAR OS CORREDORES PARA FACER CIRCUÍTOS PARA OS NENOS: SALTAR CUN PÉ, COS DOUS PÉS XUNTOS, XIRAR, PASAR POR DEBAIXO DE ALGO, ARRASTRARSE, CAMIÑAR SOBRE UNHA LIÑA...**
 - **KARAOKE.**
 - **SALA DE CINE. PREPARAR AS ENTRADAS, AS PALOMITAS...**
 - **IMITAR POSTURAS.**
 - **TEA DE ARAÑA. CONVERTER O CORREDOR NUNHA TEA DE ARAÑA CON CINTA, CON LA... HAI QUE ATRAVESALA PERO SEN TOCALA.**
 - **DEBUXAR CO PÉ.**
 - **CONTAR CHISTES E DISPARATES**
 - **ADIVIÑAR PERSONAXES. DE CONTOS, PELÍCULAS, VECIÑOS...**
 - **DEBUXO COLECTIVO ONDE PARTICIPA TODA A FAMILIA.**
 - **MANUALIDADES .**
 - **SE HAI XARDÍN, APROVEITAR PARA SALTAR, MOVERSE, CORRER, OBSERVAR PLANTAS, BICHIÑOS...**
 - **VESTIRSE E ESPIRSE, ABRIR E CERRAR CREMALLEIRAS, ABOTOARSE...**
 - **XOGAR, XOGAR E VOLVER XOGAR**
 - **NON FACER NADA**